

Sr. Alcalde-presidente do Concello de Ferrol  
Praza de Armas, s/n  
15402 FERROL ( A CORUÑA )

Expediente: U.8.Q/83/17

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017

Sr. alcalde:

Como coñecen, segundo os artigos 13 e 16 da lei reguladora desta institución (lei 6/1984 de 5 de xuño do Valedor do Pobo), temos atribucións para iniciar e proseguir investigacións sobre actos e resolucións da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración local, supervisando os mesmos para garantir o respecto dos dereitos comprendidos no título I da Constitución Española.

#### ANTECEDENTES

En data 3 de maio, o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento do Programa de Vivendas Baleiras no ámbito do Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020. A ese efecto, os concellos que desexen implantar o citado Programa deben asinar o Acordo de adhesión que inclúen como anexo, cumprindo os compromisos e as obrigas que comporta.

A vixente Lei de vivenda de Galicia, Lei 8/2012 de 29 de xuño, establece como unha das súas liñas de actuación, dentro das políticas públicas en materia de vivenda, a implantación de plans e programas orientados a favorecer o acceso á vivenda en réxime de aluguer.

En concreto, a lei indica que as administracións públicas poderán adoptar medidas dirixidas a impulsar a posta no mercado de vivendas en aluguer, cos obxectivos prioritarios de mobilizar as vivendas baleiras e favorecer o acceso á vivenda a colectivos singulares ou socialmente desfavorecidos, vulnerables, vítimas de violencia de xénero, persoas maiores e persoas novas que pretendan acceder á vivenda por primeira vez.

Esta Institución considera que a existencia de vivendas desocupadas en concellos non é compatible coas esixencias dun axeitado principio de uso racional do parque de vivendas, non contribúe á consecución da efectiva materialización do dereito á vivenda segundo o previsto na Constitución Española e non se axusta ás demandas actuais da sociedade.

É por elo, que a colaboración entre os diferentes niveis de administración devén irrenunciable. Cómpre seguir procurando solucións aos desafíos que se presentan para garantir a eficacia práctica e o respecto dos dereitos, sobre todo cando os titulares dos mesmos se atopan en situación de vulnerabilidade.

En últimas datas, diferentes medios de comunicación deron conta das problemáticas de certo número de familias veciñas do concello de Ferrol que van quedar sen fogar proximamente; circunstancia que propicia que apelemos á súa colaboración na consideración de brindar amparo e protección ás persoas que máis a necesitan.

#### ANÁLISE

1. Primeiramente corresponde sinalar que manifestamos fondo apoio ás familias afectadas pola problemática obxecto da queixa á vez que somos conscientes das dificultades con que se atopan as administracións públicas para satisfacer a numerosa demanda de vivenda protexida ou social; debido principalmente ao insuficiente número das mesmas e ao elevado volume do número das solicitudes producidas por mor dos desafuzamentos tanto traian causa en execucións hipotecarias coma en falta de pagamento da renda de aluguer.

Segundo a última estatística de datos ofrecida polo *Consejo General del Poder Judicial*, no estudo titulado “*Efectos de la crisis económica en lo órganos judiciales*” no terceiro trimestre do ano 2016, en Galicia rexistráronse 461 lanzamentos, fronte aos 441 do mesmo período do ano 2015, o que representa un aumento de 4,5 puntos porcentuais.

Neste mesmo estudo se constata que as execucións hipotecarias no terceiro trimestre do '16 foron un 49,4 % inferiores a ese mesmo trimestre do ano '15. Presentáronse 207 no 2016 fronte ás 409 do ano anterior, o que evidencia un descenso interanual en Galicia superior á media do resto das C.C.A.A.

De acordo cos datos actualizados a data desta recomendación na páxina web oficial do IGVS, na cidade de Ferrol hai 761 solicitantes inscritos no Rexistro Único de demandantes de vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

Nos últimos datos publicados polo *Instituto Nacional de Estadística (INE)*, sobre taxa de risco de pobreza referidos ao ano 2015, aínda que Galicia se atopa por debaixo do 22,1 % da

media de España, a realidade é que a actual cifra do 15 % é superior á correspondente ao ano 2014, na que se atopaba por debaixo do 13,50 %.

No que atinxe a outro dato referido a esa mesma enquisa de condicións de vida sobre fogares que padecen retrasos no pago dos gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer...etc.) nos últimos 12 meses, Galicia rexistra 7 puntos porcentuais, que si ben indican baixada sobre os datos 2014, supoñen un lixeiro ascenso en relación con 2013.

É precisamente neste contexto no que semellaría acaído incardinar o sentido da recomendación que se formulará. Esta Institución non poder ser allea a esta situación dentro do fondo respecto á autonomía da gobernanza local.

Polo anteriormente exposto, formulamos as seguintes

#### CONCLUSIÓN

Considérase necesario no exercicio da facultade atribuída a esta Institución en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facerlle chegar ao Concello de Ferrol a seguinte recomendación :

*Que valore a conveniencia de que para optimizar o uso dos inmobles desocupados o Concello de Ferrol formalice a adhesión ao convenio asinado entre o IGVS e a FEGAMP a fin de incorporarse ao Programa de Vivendas Baleiras.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número de tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradecéndolle a súa colaboración o saúdo atentamente

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo

Sr. Alcalde-presidente do Concello de Ferrol  
Praza de Armas, s/n  
15402 FERROL ( A CORUÑA )

Expediente: U.8.Q/83/17

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2017

Sr. alcalde:

Como coñecen, segundo os artigos 13 e 16 da lei reguladora desta institución (lei 6/1984 de 5 de xuño do Valedor do Pobo), temos atribucións para iniciar e proseguir investigacións sobre actos e resolucións da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración local, supervisando os mesmos para garantir o respecto dos dereitos comprendidos no título I da Constitución Española.

En consecuencia, iniciouse a queixa de oficio arriba referenciada, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo. Como conclusión da correspondente investigación o 17-1-2017, formulamos a ese concello unha recomendación nos seguintes termos:

*Que valore a conveniencia de que para optimizar o uso dos inmobles desocupados o Concello de Ferrol formalice a adhesión ao convenio asinado entre o IGVS e a FEGAMP a fin de incorporarse ao Programa de Vivendas Baleiras.*

Unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 32.2 da Lei do Valedor do Pobo (estes funcionarios e autoridades deberán responder sempre por escrito e no prazo dun mes) sen recibir a súa resposta, requirimos a contestación urxente á resolución, que, de ser negativa, debería motivarse adecuadamente.

Saúdao atentamente.



Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo



## DILIXENCIA DE ARQUIVO

Expediente: U.8.Q/83/17

Para facer constar que segundo o preceptuado polos artigos 13 e 16 da lei reguladora desta institución (lei 6/1984 de 5 de xuño do Valedor do Pobo), iniciamos este expediente de oficio como consecuencia da problemática que afectaba a certo número de familias do Concello de Ferrol, que segundo puidemos coñecer ían ser desafiuzadas das súas vivendas habituais en próximas datas.

En data 3 de maio, o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento do Programa de Vivendas Baleiras no ámbito do Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020. A ese efecto, os concellos que desexen implantar o citado Programa deben asinar o Acordo de adhesión que inclúen como anexo, cumprindo os compromisos e as obrigas que comporta.

A vixente Lei de vivenda de Galicia, Lei 8/2012 de 29 de xuño, establece como unha das súas liñas de actuación, dentro das políticas públicas en materia de vivenda, a implantación de plans e programas orientados a favorecer o acceso á vivenda en réxime de aluguer.

En concreto, a lei indica que as administracións públicas poderán adoptar medidas dirixidas a impulsar a posta no mercado de vivendas en aluguer, cos obxectivos prioritarios de mobilizar as vivendas baleiras e favorecer o acceso á vivenda a colectivos singulares ou socialmente desfavorecidos, vulnerables, vítimas de violencia de xénero, persoas maiores e persoas novas que pretendan acceder á vivenda por primeira vez.

Esta Institución considera que a existencia de vivendas desocupadas en concellos non é compatible coas esixencias dun axeitado principio de uso racional do parque de vivendas, non contribúe á consecución da efectiva materialización do dereito á vivenda segundo o previsto na Constitución Española e non se axusta ás demandas actuais da sociedade.

É por elo, que a colaboración entre os diferentes niveis de administración devén irrenunciable. Cómpre seguir procurando solucións aos desafíos que se presentan para

garantir a eficacia práctica e o respecto dos dereitos, sobre todo cando os titulares dos mesmos se atopan en situación de vulnerabilidade.

En últimas datas, diferentes medios de comunicación deron conta das problemáticas de certo número de familias veciñas do concello de Ferrol que van quedar sen fogar proximamente; circunstancia que propicia que apelemos á súa colaboración na consideración de brindar amparo e protección ás persoas que máis a necesitan.

Segundo a última estatística de datos ofrecida polo *Consejo General del Poder Judicial*, no estudo titulado “*Efectos de la crisis económica en lo órganos judiciales*” no terceiro trimestre do ano 2016, en Galicia rexistráronse 461 lanzamentos, fronte aos 441 do mesmo período do ano 2015, o que representa un aumento de 4,5 puntos porcentuais.

Neste mesmo estudo se constata que as execucións hipotecarias no terceiro trimestre do '16 foron un 49,4 % inferiores a ese mesmo trimestre do ano '15. Presentáronse 207 no 2016 fronte ás 409 do ano anterior, o que evidencia un descenso interanual en Galicia superior á media do resto das C.C.A.A.

De acordo cos datos actualizados a data desta recomendación na páxina web oficial do IGVS, na cidade de Ferrol hai 761 solicitantes inscritos no Rexistro Único de demandantes de vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

Nos últimos datos publicados polo *Instituto Nacional de Estadística (INE)*, sobre taxa de risco de pobreza referidos ao ano 2015, aínda que Galicia se atopa por debaixo do 22,1 % da media de España, a realidade é que a actual cifra do 15 % é superior á correspondente ao ano 2014, na que se atopaba por debaixo do 13,50 %.

No que atinxe a outro dato referido a esa mesma enquisa de condicións de vida sobre fogares que padecen retrasos no pago dos gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer...etc.) nos últimos 12 meses, Galicia rexistra 7 puntos porcentuais, que si ben indican baixada sobre os datos 2014, supoñen un lixeiro ascenso en relación con 2013.

É precisamente neste contexto no que semellaría acaído incardinar o sentido da recomendación que formulamos ao Concello de Ferrol.

En data 23 dos correntes recibíuse resposta do Concello de Ferrol onde se indica na súa literalidade o seguinte:

“En resposta ao seu escrito (ref. U.8.Q/83/17) en relación á valoración da conveniencia de que este Concello formalice a adhesión ao convenio asinado entre o IGVS e a FEGAMP a fin



de incorporarse ao Programa de Vivendas Baleiras. Comunícolle que a través das concellerías competentes se están a iniciar as actuacións dirixidas á adhesión ao dito convenio.”

Polo anteriormente exposto, consideramos que toda vez que a recomendación formulada foi aceptada polo Concello de Ferrol, procede concluír o presente expediente de queixa.

E para que conste, o asino en Santiago de Compostela, a 27 de marzo de 2017.

A responsable da área

Asdo. Cristina Fernández San Silvestre